PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 30 de xaneiro de 2025

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 30 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
José Manuel Mato Díaz
(en substitución de Argimiro Marnotes Fernández)
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Directora xeral de Xuventude
Director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais
Director xeral de Asistencia Sanitaria

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, e previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 16896 (1.5) e en último lugar a pregunta doc. núm. 15799 (1.2).

Punto único.- Preguntas

1.1 16896 (12/POC-002863)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura de vacantes nas prazas de pediatría do Centro de Saúde de Lalín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 143f2, do 23.01.2025

A **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** dá conta das razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade), Alfredo José Silva Tojo.**

En rolda de réplica, a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** entende que non lle deu resposta á pregunta polo que insiste na mesma.

O **director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade), Alfredo José Silva Tojo,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do director xeral de Asistencia Sanitaria nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.2 15697 (12/POC-002392)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a devolución por parte da Xunta de Galicia de 22,3 millóns de euros de fondos europeos destinados a crear prazas públicas de educación infantil, así como sobre a cantidade de novas prazas públicas de educación infantil que o Goberno galego porá á

PARLAMENTO DE GALICIA

disposición no curso 2025/2026, e tamén sobre o número total de prazas de educación infantil existentes en Galicia, incluíndo, así mesmo, as de carácter privado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra a **señora Fernández González, Ariadna (BNG)**, que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social e Igualdade), Jacobo José Rey Sastre.**

En rolda de réplica a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** manifesta a súa insatisfacción e inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

O **director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social e Igualdade), Jacobo José Rey Sastre,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

No decurso da anterior intervención a presidenta rógalle á señora Rodil Fernández, Olalla, que non interrompa ao representante do Goberno.

A presidenta agradece a presenza do señor Rey Sastre nesta sesión da Comisión e despídeo ata vindeira ocasión.

1.3 16491 (12/POC-002704)
Grupo Parlamentario Mixto
Ojea Bouzo, Armando
Sobre a evolución dos servizos prestados polo Centro Social das Camelias, de Ourense, e as previsións do Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f3, do 16.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Ojea Bouzo, Armando (M)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria (Consellería de Política Social e Igualdade), Antonio**

PARLAMENTO DE GALICIA

Acevedo Prado.

En rolda de réplica, o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** comenta a resposta obtida e insiste no contido da dita pregunta.

O **director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antonio Acevedo Prado,** logo de matizar as argumentacións expostas polo señor deputado, pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Acevedo Prado nesta sesión da Comisión e despídeo ata vindeira ocasión, dado que non ten máis preguntas ás que lle teña que dar resposta.

1.4 16662 (12/POC-002785)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 8 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego do impacto do Plan de garantía xuvenil e as medidas de creación de emprego que se levan a cabo con este plan na nosa comunidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 143f1, do 23.01.2025

Intervén a **señora Grueira Fernández, Nicole (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Pablo Fernández López**.

En rolda de réplica, a **señora Grueira Fernández, Nicole (P),** agradece a rigorosidade da resposta e amosa o seu recoñecemento ao labor que están a realizar a respecto da creación de emprego co Plan de garantía xuvenil.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández López,** agradecendo o recoñecemento da señora deputada e afondando máis no tema obxecto da pregunta.

A Presidencia agradece a presenza do secretario xeral nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.5 15799 (12/POC-002444)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria
Sobre a actividade actual do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e a posibilidade de impulsar unha mellora desta ferramenta de participación da mocidade galega nas políticas que lle atinxen
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Suárez Fernández, Iago (BNG)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude), Lara Meneses Álvarez**.

En rolda de réplica, o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** agradece a resposta recibida e comenta brevemente a mesma.

A **directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude), Lara Meneses Álvarez,** pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece o ton do debate e a dispoñibilidade dos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.14 11:10:01 +01'00'

V.º p.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.03.14 10:38:50 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión